



Concello de Negreira, como promotor do Programa de emprego: “Programa de Emprego Mocidade 2020” xunto cos Concellos da Baña, Concello de Santa Comba e Concello de Val do Dubra é beneficiario dunha subvención por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a realización dun programa de emprego para as persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, para 16 alumnos/as traballadores/as distribuídos nas seguintes especialidades formativas; Fábricas de Albañilería (EOCB0108) 8 alumnos/as e Actividades Auxiliares en Viveiros, Xardíns e Centros de Xardinería (AGAO0108) 8 alumnos/as.

Este Programa de emprego terá unha duración de 12 meses, ea preselección de alumnos/traballadores farase na Oficina de Emprego Santiago Norte, onde serán preseleccionados aqueles mozos e mozas que xa están inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e que demanden algún dos seguintes servizos; Escolas Taller (320), Casa de Oficios(330), Taller de Emprego(340), e Outro programas de emprego formación dual (370).

**Aquelas persoas interesadas en participar neste programa como alumnado** e que aínda non estean inscritas nos devanditos códigos poderán facelo ata o día 31 de agosto de 2020 (incluído) dirixíndose á citada oficina a través das seguintes canles:

- Na oficina, pedindo cita previa no seguinte enlace: <https://emprego.xunta.es/citaprevia/>
- A través de internet, co sistema Chave 365, con usuario e contrasinal ou certificado dixital.

Quen aínda non estea inscrito no Sistema de Garantía Xuvenil poderá facelo dirixíndose á citada oficina a través das seguintes canles:

- Na oficina, pedindo cita previa no seguinte enlace: <https://emprego.xunta.es/citaprevia/>
- A través dos enlaces <http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/18612-garantia-xuvenil> ou <https://garantiajuvenil.sepe.es/login.action>

**[As persoas interesadas en participar no “Programa de Emprego Mocidade 2020” como persoal directivo, docente ou administrativo de apoio terán que figurar na oficina de emprego solicitando esa ocupación ou anotarse nas mesmas ata o día 06 de agosto de 2020 \(incluído\), no enlace: https://emprego.xunta.es/citaprevia/.](https://emprego.xunta.es/citaprevia/)**

Para máis información sobre este proceso poñáñse en contacto coa oficina de emprego Santiago Norte.